

Lema: "Erguete e  
anda":



DESEXOS QUE NO NADAL AMOSAN  
AS FIGURAS DO BELEN DE BEGONTE.

Para o "belén" de Begonte  
van as figuras andando.  
Unhas baixan dende o monte  
e paran non mofo brando.  
Outras pescan polo río  
por ver de coller un peixe.  
Algunhas, que teñen frío,  
levan a leña nun feixe  
e paran a alcender lume.  
Aqueles baixan co gando.  
Esoutras tiran estrume.  
Moitas quedan parolando.  
Mulleres ó tendedeiro  
dunha humildosa casoupa  
levan, dende o lavadeiro,  
cestas de branquiña roupa.  
E traballe o carpinteiro  
e o panadeiro fai pan;  
da co mártelo o ferreiro  
e o campaneiro "din, dan".  
E beben viño os pastores  
como compango do queixo  
e baixan mozos cantores  
con panxoliñas nos beizos.  
Van as figuríñas todas  
para o seu sitio ocupar.  
(Despois, ó xirar das rodas,  
empezarán a agendar,  
pois no "belén" de Begonte,

como un trasunto da vida  
de mañán, de hoxe ou de onte,  
cada home o seu choio lida..  
O chegar a hora divina  
que nace o "Neno" entre a palla  
todo o "belén" se ilumina,  
cada quen no seu traballa  
e a paisaxe, antes dormida,  
chéase de acción intensa  
de xente que cobra vida  
e no gran misterio pensa.  
E como as figuras viven  
e ó "Neno" ofrecen o seu,  
na noite azul se perciben  
desexos que van ó ceo:

DESEXO I

San Xosé viña entallando  
nunha variña de freixo  
e o pe del vense pousando  
maraballas sobre os seixos.  
San Xosé que é carpinteiro  
na vara de freixo entalla  
e ó dar o corte valeiro  
caéulle ó chan a navalla.  
"Carballeira de San Xusto,  
carballeira derramada":  
por cumplir a orde de Augusto  
san Xosé busca pousada.  
(San Xose, que é carpinteiro  
e que traballa moi ben,  
fixo de táboas un letreiro.  
Puxo: "Begonte. Belén".

DESEXO II

Vou ó "portal" cos pastores  
que o "Neno" nacido é  
pero o camiño a Begonte  
non o coñezo moi ben.  
Cansadiño, tarde ou cedo  
ate o "portal" chegarei:  
"ali están os meus amores,  
ali fago fincapé".  
Estreliña do luceiro  
a ~~de~~moita craridá:  
guíame, dime o camiño  
que me leve hasta o "portal",  
que inda que cansado veño  
hei de chegar ate ali  
"e se que lle dar non teño,  
pódolle, ó menos, pedir".  
(E como a estreliña andaba  
polo ceo e se parou  
no "portal", ate o "Meniño"  
chegou o pobre pastor.)

DESEXO III

A gaitiña, desenchida  
nun curruncho, domeada,  
soña muiñeiras de vida  
sinte no fol a alborada.  
O gaiteiro de Sotelo  
íben quere tocar, ben quere;  
O gaiteiro está amarelo  
e xa nin se pode erguere...  
Nin siquer con chocolate  
pode toca-lo gaiteiro;  
O gaiteiro ~~é~~ un monifate  
que tan a moita valcina

O gaiteiro ten arelas  
de asoprar co seu ampeo  
a música das estrelas  
no pentagrama do ceo.

Pero aló, na noite pecha,  
vai crecendo unha estreliña  
e ó noso gaiteiro encrecha  
o soar da panxoliña.

Erguese o gaiteiro e colle  
a gaita. Xa non ten mal.  
¡Xa ningunha dor o tolle  
e vai tocando ó "portal"  
(E pois ate xira o sol  
neste "belén" milagroso  
tira o gaiteiro, do fol,  
un sire ledo e "marchoso".)  
"Xesús Neníño, o gaiteiro  
vai tocar ate o remate  
da Moiteboa. E non quero  
nin viño, nin chocolate".

#### DESEXO IV

Xa estamos aquí, "Neníño",  
pastores e da cidá.  
Dixeron os anxos: "Ide".  
E nós botamos a andar.  
A che facer festa vimos  
nesta noite de Nadal.  
"Para cantar veño eu,  
Para bailar meu irmán".  
Todos son cantares novos.  
Os vellos ¿onde estarán?  
Pero, en tocalo pandeiro.  
¡viva quen o ten na man!  
Botou un sorriso o "Neno"  
e lles dixo -sen falar-:

"Si é de coiro de cacique  
o pandeiro ha de aguantar".  
(E xa que as couses se moven  
neste "belén" e "portal"  
tivo toda a xente xoven  
festa e "movida" total.)

#### DESEXO V

"Munxo e munxe a miña vaca  
e vai reborda-la ola. "  
"Eu tiro froitas e f<sup>ro</sup>mitas  
todas dunha mesma pola".  
"Pois lle vou leva-lo leite  
da miña vaca marela  
e hei de ensoniñar fortunas  
como o conto da leiteira".  
"Neses castelos que soñas,  
miña mociña, é preciso  
que soñes a vida enteira",  
dixo o "Neno", cun sorriso.  
"Eu o corazón lle daba  
se o "Meniño" mo quixera,  
mais voulle ofrecer pexegos,  
mazás, castañas e peras".  
O "Neno" puxo as manciñas:  
"¿E cantas vasme deixar?"  
"Para Ti, meu queridiño,  
non mas mandaron contar".

#### DESEXO VI

"Túa Nai, Túa Naiciña;  
Como a Túa Nai, ningunha".  
Hoxe nas pallas, ledida.  
E mañá na cruz, tristuras.  
Do berce a cruz, ¡canta mágoai

"María quentalle a cara  
coa calorciña da súa".

(E enriba do berce un anxo  
-mellor dito do pesebre-,  
**baila**, coas azas, un aire  
morniño, tépedo, (¿enxebre?)

(O MILAGRE).

Facíanse os visitantes  
lenguas de goio en Begonte  
o mirar en movemento  
todo aquel mundo de amores.  
E ninguén soubo o miragre  
que se produciu na noite  
de Nadal: ¡Que todo andaba  
se funcionar os motores!

-----

Poema:

Q DESEXOS QUE NO NADAL AMOSAN  
AS FIGURAS DO BELEN DE BEGONTE.

Lema: Ergute e anda.

 Autor: Bernardo Miguel Vázquez Xil (Lalo)

Enderezo: Escritor. Otero Pedrayo, 4, 3º A. VIGO - 11 -  
Tfº 233667